



**GUÍA DE APLICACIÓN AO SECTOR PÚBLICO
DAS MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA
ENERXÉTICA RECOLLIDAS NO REAL
DECRETO-LEI 14/2022**




A crise enerxética actual motiva que mediante o **Real Decreto-Lei 14/2022** o Goberno do Estado aprobe medidas temporais de aforro e eficiencia enerxética. **O aforro de enerxía é a forma máis rápida e económica de facer fronte á actual crise enerxética e de reducir as facturas.** Neste sentido, a climatización de espazos e a súa iluminación son dous dos ámbitos con maior potencial de aforro, coa posibilidade de actuar de forma inminente en medidas de xestión e conservación de enerxía que xeren aforros inmediatos.

Conforme ao artigo 30 do mencionado Real Decreto-Lei 14/2022 aos contratos de obras, subministracións ou servizos para a mellora enerxética dos seus edificios e instalacións resultará de aplicación o procedemento negociado sen publicidade por causa de imperiosa urxencia previsto no artigo 168.b)1º da Lei 9/2017 para as actuacións que sexan estritamente indispensables.

A **Xunta de Galicia** vén impulsando de forma continuada a través de asesoramento, axudas e incentivos de medidas de aforro e eficiencia enerxética eficaces e de carácter permanente no tempo.

A presente Guía pretende facilitar o **coñecemento das medidas para implantar** como consecuencia do citado Real Decreto-lei, clarificando o ámbito de aplicación e o calendario que deben cumprir os suxeitos obrigados. A continuación detállanse as 5 medidas recollidas no artigo 29 do Real Decreto-Lei:

Medida 1



LIMITACIÓN DE TEMPERATURAS

- As temperaturas dos locais climatizados deberán ser **como máximo 19°C nos recintos con calefacción e 27°C nos recintos refrixerados**. As condicións de humidade non sofren variacións.
- Será de aplicación a partir do 9 de agosto de 2022 e ata o 1 de novembro de 2023.
- **Ámbito de aplicación:** Estes límites aplicaranse no interior dos establecementos habitables destinados aos seguintes usos, sempre e cando os locais estean climatizados e exclusivamente durante o uso da climatización:
 - a) **Administrativo.**
 - b) **Comercial: tendas, supermercados, grandes almacéns, centros comerciais e similares.**
 - c) **Pública concurrencia:**
 - Culturais: **teatros, cines, auditorios, centros de congresos, salas de exposicións e similares.**
 - **Establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas.**
 - Restauración: **bares, restaurantes e cafeterías.**
 - Transporte de persoas: **estacións e aeroportos.**

Aos efectos de definir os usos anteriores utilizaranse as definicións recollidas no Código Técnico da Edificación, documento básico SI – Seguridade en caso de incendio.

Non terán que cumprir ditas limitacións de temperatura aqueles **recintos que xustifiquen a necesidade de manter condicións ambientais especiais** ou dispoñan dunha normativa específica que así o estableza.

O Ministerio exceptuou da obriga a centros **sanitarios, asistenciais e educativos**, así como a determinados centros de traballo que por razóns técnicas xustificadas ou por normativa específica laboral sexan necesarias outras condicións (Real Decreto 486/1997 polo que se establecen as condicións de seguridade e saúde nos lugares de traballo).



Medida 2



OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN

- Os recintos habitables acondicionados definidos no ámbito de aplicación da Medida 1 deberán informar, mediante **carteis informativos ou o uso de pantallas**, das medidas de aplicación que contribúen ao aforro enerxético relativas aos valores límites das temperaturas do aire, información sobre temperatura e humidade, apertura de portas e réximes de revisión e mantemento reguladas no RITE (Regulamento de instalacións térmicas). Esta obrigación xa existía e unicamente debe engadirse a información relativa ás medidas de aforro.
- Devanditos carteis ou pantallas deberán ser **claramente visibles** desde a entrada ou acceso aos edificios, así como en cada unha das localizacións nas que existan os dispositivos de visualización. Estes carteis ou pantallas poderán indicar, adicionalmente, outras medidas que se estean adoptando para o aforro e a eficiencia enerxética.
- Esta medida será de aplicación a partir do 2 de setembro de 2022 e ata o 1 de novembro de 2023.



Medida 3

SISTEMA DE PECHER DE PORTAS

- Os edificios e locais con acceso desde a rúa incluídos no ámbito de aplicación definido na Medida 1 dispoñerán dun **sistema de peche de portas adecuado**, o cal poderá consistir nun brazo de peche automático das portas, co fin de **impedir que estas permanezan abertas permanentemente**, co consecuente malgasto enerxético polas perdas de enerxía ao exterior, independentemente da

orixe renovable ou non da enerxía utilizada para a xeración de calor e frío por parte dos sistemas de calefacción e refrixeración. Esta esixencia xa existía salvo cando se utiliza enerxía de orixe renovable.

- Esta medida deberá aplicarse **antes do 30 de setembro de 2022**.



Medida 4

APAGADO DA ILUMINACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS

- A iluminación de edificios públicos que ás **22 horas** se atopen desocupados deberá manterse apagada. En todo caso a iluminación de escaparates de todo edificio público deberá manterse apagada desde as 22 horas.
- Será de aplicación a partir do 9 de agosto de 2022 e ata o 1 de novembro de 2023.





Medida 5

INSPECCIONES DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

- Todas aquelas instalacións incluídas no ámbito de aplicación do apartado 1, con potencia térmica nominal superior a 70 kW, e cuxa última inspección fora realizada con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, deberán **adiantar de forma puntual a seguinte inspección** das mesmas para cumprir coas devanditas obrigacións antes do **1 de decembro de 2022**, para que nesta data, as instalacións obrigadas pasaran por unha inspección deste tipo nos últimos dous anos.





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

www.inega.gal

inega.info@xunta.gal

981 541 500